

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	OÍMBRA
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa Baia de Bousés
<b>Dirección</b>	Rúa de Fontepreve, 2. Bousés. 32613
	41.85479639678999 -7.542345290885524
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	grexa barroca en forma de cruz grega co cruceiro máis elevado co resto, con cuberta de tella cerámica a dúas augas na nave, catro no cruceiro e tres nos brazos, sobre muros de sillería regular. A fachada ten acaroada a torre, adiantada á nave e cun pórtico de tres vans de arco de medio punto e crucería; un pouco máis arriba ten unha fornela por cada un dos tres lados sobresaíntes onde están os santos patróns e Santa Baia. A torre construída en 1798, é de feitura compostelán, de catro corpos, sendo o terceiro o que acolle as campás, con catro vans de arco de medio punto, balconadas con balaustres e rematado todo nunha cúpula pétreo e unha cruz de ferro. Todos os vértices da igrexa e torre, incluído o central do presbiterio, teñen pináculos piramidais rematados en bola moi estilizados. A igrexa está rodeada dun muro separado por tramos abalaustrados e rematando cada tramo, sucesivamente, cruces e pináculos, formando un Vía Crucis.
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	HOMEDAPEDRA LOZANO RÚA, José Luís / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	08-05-2026

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">BLANCO LEMOS, ANTONIO</a>	1945	62	138
Torre-campanario	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">RUIZ</a>	1898	70	199

Información completa: [Igrexa de Santa Baia de Bousés - OÍMBRA \(GALICIA\)](#)

